



**ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
O DÍA 17 DE XUÑO DO 2021**

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías.</p> <p>ASISTEN VIDECONFERENCIA: Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>AUSENCIA XUSTIFICADA: Dna. Cristina Cadena Freire. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e corenta e un minutos do día dezasete de xuño do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Ratificación se procede do carácter urxente da sesión.

Sometida a votación a **“Ratificación do carácter urxente da sesión”** o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Recoñecemento de compatibilidade a concelleira Dna. Cristina Cadena Freire.

Visto que Dona C. Cadena Freire presentou con data 14-06-21 a documentación por superar o proceso selectivo para unha praza laboral temporal de técnico para caseta de turismo segundo a base undécima das bases específicas.

Visto o informe da Secretaría de data 15-06-2021 do seguinte teor literal:

“En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

ASUNTO: Incompatibilidade sobrevida de Concelleiro





ANTECEDENTES

Primeiro.- Superado por Dona Cristina Cadena Freire o proceso selectivo para unha praza laboral temporal de técnico para a caseta de turismo, con data 14-06-2021 é presentada pola mesma o día 14-06-21 a documentación prevista na Base undécima das bases específicas.

Segundo.- Dona Cristina Cadena Freire é membro electa desta Corporación segundo acta de proclamación da Xunta Electoral de Zona de Ferro de 31 de maio de 2019, tomando posesión do seu cargo na sesión plenaria do día 15 de xuño de 2019.

INFORME

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. De acordo co artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), “os supostos de inellexibilidade e incompatibilidade, regularanse na lexislación electoral”.

Iso remítenos ao artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREG), que regula as causas de incompatibilidade coa condición de Concelleira e, no seu apartado segundo, letra b), establece que son incompatibles coa condición de concelleira:

«Os Directores de Servizos, funcionarios ou restante persoal en activo do respectivo Concello e das entidades e establecementos dependentes de el»

Pola súa banda, o artigo 74 LBRL regula a incompatibilidade dos concelleiros para ser funcionario ou persoal laboral da propia corporación en todo caso ou para ser funcionario ou persoal laboral doutra Administración no caso de que desempeñen o seu cargo de concelleiro retribuído e de dedicación exclusiva, quedando nestes supostos en situación de servizos especiais ou de excedencia forzosa nos seus postos de traballo, segundo sexan funcionarios ou persoal laboral respectivamente (Artigo 74 LBRL e artigo 46.1 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro).

De dito precepto extraeríamos en principio como primeira conclusión a incompatibilidade dun concelleiro para ser contratado en réxime de contratación temporal polo Concello.





SEGUNDA. O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 10:

1. *Los Concejales y Diputados deberán observar en todo momento las normas sobre incompatibilidad y deberán poner en conocimiento de la Corporación cualquier hecho que pudiera constituir causa de la misma.*

2. *Producida una causa de incompatibilidad y declarada la misma por el Pleno corporativo, el afectado por tal declaración deberá optar, en el plazo de los diez días siguientes a aquel en que reciba la notificación de su incompatibilidad, entre la renuncia a la condición del Concejal o Diputado o el abandono de la situación que dé origen a la referida incompatibilidad.*

3. *Transcurrido el plazo señalado en el número anterior sin haberse ejercitado la opción se entenderá que el afectado ha renunciado a su puesto de Concejal o Diputado, debiendo declararse por el Pleno corporativo la vacante correspondiente y poner el hecho en conocimiento de la Administración electoral a los efectos previstos en los artículos 182 y 208 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General.*

TERCEIRA.- Agora ben, matizado polo ben xurídico a protexer dado que o réxime de incompatibilidades trata de garantir a obxectividade, imparcialidade, eficacia e transparencia no desempeño do cargo ou función pública de que se trata, e a súa interrelación debe estar presidida por unha finalidade de preservar á función pública dunha influencia desviada do interese público, pola posible contaminación ou incidencia na toma de decisións que pode representar una eventual colisión con interese estraños aos da cidadanía a que debe servir o cargo que se ostenta ou pola incidencia en devanditas decisións de intereses privados ou particulares.

Todo iso, por non matizarse en xurisprudencia algunha, afectaría mesmo se o concelleiro fose contratado mediante un programa temporal de emprego, fóra contratado temporal non fixo ou a praza non formase parte, na súa consecuencia, dunha RPT-persoal ou que o concelleiro non forme tampouco parte do equipo de goberno.

O Tribunal Supremo (**Sentenza do Tribunal Supremo de 26 de abril de 2002**), seguindo a doutrina do Tribunal Constitucional, sinalou que as causas de incompatibilidade establecidas na LOREG, en canto son excepcións de criterios xerais de participación en tarefas de carácter público, **deben ser interpretadas de modo restrictivo**, no ben entendido de que:

«Con el régimen de incompatibilidades se trata de garantizar la objetividad, imparcialidad, eficacia y transparencia en el desempeño del cargo o función pública de que se trata», con la «finalidad de preservar a la función pública de una influencia desviada del interés





público, por la posible contaminación o incidencia en la toma de decisiones que puede representar una eventual colisión con interés extraños a los de la ciudadanía a que ha de servir el cargo que se ostenta o por la incidencia en dichas decisiones de intereses privados o particulares».

É dicir, a dureza de tal réxime foi matizada por dita sentenza **do STS de 26 de abril de 2002, Sala 3ª -en resolución de recurso 447/1997-**, en que se declara a interpretación das causas de incompatibilidade de modo restritivo considerando non só o acceso, senón tamén o mantemento no acceso á función pública parte do contido do artigo 23.2 da CE. Por tanto, a incompatibilidade dos concelleiros debe ser restrinxidamente interpretada e predicarse unicamente se afecta o interese xurídico pretendido: preservar a función pública de influencias desviadas e contaminadas pola colisión de intereses. É dicir, a incompatibilidade é garantía de eficacia e transparencia.

CUARTA. A doutrina da Xunta Electoral Central mantén que en certos casos non se produciría a situación de incompatibilidade.

O Acordo da **JEC de 6 de xullo de 2007** afirma que *«incurren en causa de incompatibilidade prevista en el artículo 178.2.b) LOREG el personal contratado laboral por la propia Corporación Local, si bien no incurre en dicha incompatibilidade cuando no se integre en la plantilla del Ayuntamiento al que pertenece ni sea éste quien le abona la retribución (Acuerdos de 10 de julio de 2003 y 15 de noviembre de 2004), ni tampoco cuando se trate de obras de corta duración y financiadas con fondos ajenos al Ayuntamiento, siempre que no se convierta en contratista de la Corporación local (Acuerdos de 2 de junio y 10 de noviembre de 2005)»*. Neste senso tamén, o seu Acordo de 19 de novembro de 2007.

No Acordo da **JEC de 15 de setembro de 2011** mantén que aínda que a regra xeral é a incompatibilidade coa condición de Concelleira nas persoas que prestan servizos laborais á propia Corporación Local, admite que, **en determinadas condicións, o Pleno da Corporación Local podería apreciar que non se produce dita incompatibilidade** cando *«el personal contratado no se incorpora a la plantilla del Ayuntamiento, y se trata además de servicios eventuales de corta duración financiados con fondos ajenos al municipio, tales como obras o trabajos de interés social con subvenciones de los servicios públicos de empleo, o empleo comunitario rural de trabajadores eventuales agrícolas (RD 939/1997), o trabajos temporales de colaboración social realizados por perceptores de prestaciones de desempleo (artículo 213.3 de la Ley General de la Seguridad Social)»*, e lembra que «a **Sentenza da Sala Terceira do**





Tribunal Supremo de 26 de abril de 2002 declarou que as causas de incompatibilidade establecidas pola LOREG, en canto excepcións a criterios xerais de participación en tarefas de carácter público, deben ser interpretadas de modo restrinxido, no ben entendido de que co réxime de incompatibilidades trátase de garantir a obxectividade, imparcialidade, eficacia e transparencia no desempeño do cargo de Concelleiro, preservándolle de influencias alleas ao interese público que puidesen contaminar a toma de decisións». E o Acordo da JEC de 22 de marzo de 2017 precisa que a súa interpretación se refire a obras de curta duración pero non á prestación de servizos á Corporación Local».

QUINTA. No presente caso estase en presenza dun concelleiro electo da nova Corporación, e aplicando a doutrina da **JEC**, resulta que devandito traballador non se incorpora ao persoal do Concello, e que devandito contrato se financia integramente por outra Administración.

Por todo iso, o funcionario que suscribe entende que non concorre causa de incompatibilidade do artigo 178.2.b) da LOREG.

CONCLUSIÓN

Non se aprecia a concorrencia de causa incompatibilidade do artigo 178.2.b) da LOREG, pois se trata dunha contratación temporal sen integrarse o traballador no persoal municipal, de curta duración, con financiamento alleo á Corporación.

Considerando a alcaldía suficientemente debatido o asunto, someteo a votación, acordando o Pleno do Concello por once (11) votos a favor dos grupos municipais do P.Sd-G.P.S.O.E. (7), NAL (1) e P.P: (3) e unha (1) abstención do grupo municipal do B.N.G. nos termos do Acordo da Xunta Electoral Central (JEC) de 15 de setembro de 2011 que danse as condicións para apreciar que non se produce incompatibilidade por parte de Dona. C. Cadena Freire para o presente suposto.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e vinte e dous minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

